



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 596/1102

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE

Tras das eleccións municipais do pasado 26 de maio do 2019 e constituída a nova Corporación o pasado 15 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da organización municipal no que se refire á designación de tenencias da Alcaldía.

De conformidade co disposto no artigo 125.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica contidas nos arts. 62 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, a designación de Tenencias da Alcaldía é competencia desta Alcaldía-Presidencia quen a realizará entre os membros da Xunta de Goberno Local. A composición da Xunta de Goberno Local fíxose por Resolución da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019.

No uso das atribucións mencionadas

#### RESOLVO

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Vigo conforme coa seguinte orde, aos concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego
- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Segundo.- Os Tenentes de Alcalde substituirán, pola orde do seu nomeamento a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento. Non obstante as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polos Tenentes de Alcalde sen expresa delegación realizada cos requisitos previstos no artigo 44.1 e 2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, sen prexuízo das delegacións que tivesen recaído neles na aplicación da Resolución de estrutura das áreas executivas do Goberno.

Terceiro.- En todo caso, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación, será en todo caso substituída polos/as Tenentes de Alcalde seguindo a orde do seu nomeamento, debendo dar conta desa circunstancia ao resto da Corporación.

Quinto.- Notificar esta resolución ás/aos llmas/os señoras e señores Tenentes de Alcalde, facendo constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcaldesa ou Alcalde accidental, non podendo, no citado exercicio, modificar as delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/06/2019 14:51

Páxina 1 de 2

Expediente 596/1102

CSV: 26EBC8-B481AC-C38781-9AQZA9-RUDL2G-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sexto.- As/os Tenentes de Alcalde estarán suxeitos na súa actuación ás causas de abstención e recusación fixadas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, causas de incompatibilidade fixadas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións públicas, Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e demais normativa sectorial nesta materia, debendo respectar, sinaladamente, o disposto en materia de conflito de intereses na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sétimo.- Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que realice, conforme co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986.

Noveno.- A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, debendo ser publicada na sede electrónica municipal en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo.- Notificar a presente resolución ás Xefaturas das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, dando publicidade na intranet municipal.

CCA

Data e sinatura dixital

ALCALDE-ABEL CABALLERO ÁLVAREZ  
SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-Mª CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/06/2019 14:51

Páxina 2 de 2

Expediente 596/1102

CSV: 26EBC8-B481AC-C38781-9AQZA9-RUDL2G-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>